



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Manuel-Reyes García Hurtado, Francisco Alonso Tajés, Amalia Blanco Louro, María Luisa Sánchez Simón, Luis Castedo Ribas, Nuria Varela Feal e Ana Iglesias Galdo.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa da realización do Consello Galego de Universidades o pasado 10 de febreiro. Neste informouse a adscrición de CESUGA á Universidade de San Jorge, sita en Villanueva de Gállego, Zaragoza. O informe resultou favorable por 8 votos a favor, 7 en contra e 1 abstención. O vicerreitor comenta os problemas que suscitan este tipo de franquías que, ao seu xuízo, non achegan nada positivo ao sistema de titulacións, máis que distorsións.

Comenta tamén o reitor a publicación do Real decreto 80/2014, do 7 de febreiro (BOE do 21 de febreiro), relativo ás titulacións profesionais da mariña mercante. Unha norma importante, para adaptar as titulacións que son precisas para exercer estas profesións.

No mes de febreiro, o reitor comezou unha rolda de visitas aos centros, acompañado por membros do equipo de goberno, co ánimo de compartir puntos de vista sobre a situación da universidade e, en particular, os problemas específicos de cada centro.

O reitor informa do cesamento do profesor Paolo Rungo como adxunto de Planificación Estratéxica, unha vez que o Claustro xa aprobou o Plan estratéxico 2014-2020.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vicerreitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, das solicitudes



presentadas á convocatoria connecta PEME 2014, da Axencia Galega de Innovación, por parte de consorcios coa participación da UDC, das solicitudes feitas desde a UDC correspondentes ao programa Ramón y Cajal e do inminente fin de prazo da convocatoria de contratos posdoutorais do MINECO. Informa tamén da solicitude realizada dentro da convocatoria de infraestruturas científico-tecnolóxicas do MINECO, da solicitude que se está a presentar hoxe mesmo dentro da convocatoria do MINECO de accións de dinamización de carácter internacional e, por último, da recente publicación, na web da UDC, da convocatoria de axudas á investigación da UDC 2014.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da situación da RPT do PDI a 31 de decembro de 2013, de conformidade co acordo do Consello de Goberno do 14 de decembro de 2006.

Tamén informa das negociacións mantidas coa Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento dos criterios expresados para contratar persoal laboral temporal polo artigo 36 da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2014. Moratoria dun ano para adaptarnos aos límites de dedicación previstos no artigo 68.2 da LOU. Comezaranse negociacións cos representantes sindicais en tal sentido, co obxectivo de manter o cadro de persoal sen producir incrementos das necesidades de contratación.

Ausente por afonía a **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas**, o xerente informa no seu lugar que, como é preceptivo segundo as bases do orzamento, o pasado 19 de febreiro tivo lugar unha Comisión de Asuntos Económicos deste Consello de Goberno que aprobou validacións de expedientes de gasto por valor de 389 192,68€ correspondentes co informe de Intervención C-0001-14 de data 18.02.2014. A Comisión foi informada tamén nesta sesión da aprobación pola vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas de imputacións ao exercicio de expedientes por unha contía total de 508 611,19€ correspondentes cos informes V-0001-14 a V-0004-14.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa da publicación da convocatoria de Bolsas Iberoamérica Santander Universidades para estudantes de grao do curso académico 2014/2015 (20 bolsas de 3000 € cada unha para determinadas universidades iberomericanas).

Pechouse a primeira convocatoria de prazas de mobilidade internacional dos programas Erasmus, NILS e bilateral. Ata o momento o número de



solicitudes baixou este ano (553, fronte ás 650 do ano pasado). O comezo do programa Erasmus + e a falta de definición das regras do MEC para ser bolseiro Erasmus (que se supón que vai financiar $\frac{1}{4}$ das mobilidades o próximo ano) poden explicar a baixada. En calquera caso, desde o CICUE aínda están a negociar certas condicións da convocatoria (o requisito do B2 do idioma de destino) para tentar flexibilizalas (que subsidiariamente se aplique o B1, que é o que estamos pedindo nesta universidade desde o ano pasado).

Houbo neste mes de febreiro actividades variadas de difusión cos alumnos do programa de mobilidade internacional e dos destinos. Celebramos o *International day*, con visitas de varias universidades estranxeiras. Fixéronse tamén algunhas visitas a universidades de fóra para negociar a implantación de futuros dobres títulos.

No eido da cooperación ao desenvolvemento, infórmase da convocatoria dalgunhas axudas. Por unha banda, no BOE de hoxe publícase a *Convocatoria de los Programas de Becas MAEC-AECID de Cooperación al Desarrollo para el curso académico 2014-2015*. A Xunta de Galicia, recupera as axudas para investigación en cooperación exclusivamente para universidades, que sairán previsiblemente nun mes. Esta iniciativa forma parte do paquete de medidas que estamos a negociar as tres universidades galegas coa Xunta, cuxo principal resultado será a sinatura dun convenio para crear a Rede universitaria galega de cooperación, co obxectivo de identificar liñas de actuación comúns en materia de cooperación ao desenvolvemento, así como o seu aliñamento coas liñas do Plan director da cooperación galega, recentemente aprobado, e coas liñas estratéxicas europeas, nomeadamente a Estratexia 2020.

A **vice-reitora de Estudantes, Deportes e Cultura** informa das actividades que se están a desenvolver en Normal baixo o programa “*As tácticas do adversario*” e Rap Conciencia, así como o ciclo de divulgación científica sobre os Nobel outorgados este ano.

Así mesmo, informa de que a UDC participou xunto con EuropeDirect, Deputación, Fundación Galicia Europa e Concellaría de Educación do Concello da Coruña na promoción dun grupo de dez mozos e mozas que foron seleccionados para participar no European Youth Event relativo ás xornadas de debate de Estrasburgo que terá lugar entre o 9 e 11 de maio co gallo das eleccións parlamentarias a este órgano.



Ademais, informa de que xa se abriu para os centros a convocatoria de axudas para viaxes de estudos; dotáronse os centros coa partida *O teu futuro en boas mans* para difundir os títulos de grao e mestrados aos centros; e, con data do 20 de febreiro, a convocatoria de axudas para as xornadas divulgativas e ciclos de conferencias; a convocatoria de axudas para realizar os cursos de verán e, por fin, a convocatoria de axudas ás actividades estudiantís para o este ano 2014.

A **vice-reitora de Ferrol e Responsabilidade Social** informa de que o pasado 3 de febreiro o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña convocaron os Premios de Investigación González Llanos e Concepción Arenal.

Estes premios, dotados con 12 000 € cada un con cargo ao orzamento municipal, teñen por finalidade apoiar e impulsar os labores de investigación nas áreas da Enxeñería Naval e das Humanidades.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 31 de maio deste ano. Toda a información relativa pódese consultar na páxina web da Vicerreitoría do Campus de Ferrol.

Enmarcado no compromiso da UDC coa Responsabilidade Social Universitaria, promovemos a participación no Consello Asesor dun proxecto europeo, *Electronics Watch*, destinado a mellorar as condicións laborais das persoas que traballan no sector electrónico. Nesta iniciativa, que promove a compra pública responsable, participan distintas organizacións europeas, entre elas varias universidades. As universidades como institucións públicas debemos ser referentes cara á sociedade. Ademais, neste caso tamén somos consumidores a grande escala de material electrónico e podemos ter certa capacidade para influír no mercado se traballamos de maneira conxunta.

A vice-reitora dá conta das actividades organizadas pola OIX para a celebración do Día Internacional das Mulleres:

Durante o mes de marzo nas bibliotecas de distintos centros dos campus da Coruña e de Ferrol estarán expostos paneis sobre a vida e a obra de mulleres relacionadas coas titulacións dos centros. Trátase da 2.^a edición do proxecto que denominamos “Mulleres nas bibliotecas de UDC”. É de destacar que o número de bibliotecas participante case dobra a participación do ano pasado. Deixamos constancia do agradecemento ás directoras e ao persoal das bibliotecas polo seu traballo. O acto central será



o luns 10 de marzo ás 11:30 h na Facultade de Ciencias da Educación e estará presidido polo reitor. Proxectarase o documental *Las maestras de la República* gañador do *Goya 2014* á mellor película documental. No acto participará Luz Martínez Ten, secretaria de Políticas Sociais e Transversais de FETE-UGT, persoa responsable do proxecto.

No ámbito da Aula de Formación para a Igualdade de Xénero, sinala que no plan de Igualdade, aprobado a finais do ano pasado, está recollida como medida de obrigado cumprimento a formación en xénero para a comunidade universitaria. Co fin de cumprir as acción previstas nos eixes de actuación do plan créase a Aula de Formación para a Igualdade de Xénero, un espazo de formación aberto a toda a comunidade universitaria da UDC. Está previsto empezar as actividades o vindeiro mes de marzo cun curso sobre “Políticas de igualdade e violencia de xénero”

O **secretario xeral** informa de que os membros da comunidade universitaria e usuarios en xeral teñen ao seu dispor a nova páxina do CEDAR, o centro de documentación e arquivo da UDC. O enderezo é www.udc.es/srda/cedar. Nela pódense consultar os fondos e as coleccións dispoñibles, as normas e os procedementos de transferencia documental, así como os acordos da *Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos*.

O **xerente** informa, en primeiro lugar, das prestacións de acción social que finalmente se poderán atender en 2014, tal e como comunicou a Xerencia o pasado 14 de febreiro aos colectivos de PDI e PAS, tras as reunións da Mesa de Traballo constituída para o efecto.

Así, a redución orzamentaria da acción social en 2014 aplicarase unicamente sobre os contratos de seguro do persoal, de forma que nos de vida e accidentes do PDI se minorarán as coberturas e no seguro de asistencia sanitaria (ou nas axudas equivalentes) do PAS funcionario, o persoal interesado en manter a súa póliza de saúde deberá facer unha achega ao prezo actual nas correspondentes mensualidades de 2014 (ou a correspondente minoración da axuda). Esta redución realizarase en cada colectivo en proporción ao gasto efectuado para cada un en 2013. Ao PAS laboral que aínda non se funcionarizou manteráselle o seguro de saúde nos mesmos termos que en 2013, de conformidade cos dereitos garantidos no seu Convenio colectivo vixente. A Xerencia ditará a correspondente resolución para instrumentar estas medidas que, como se indicou, non afectará en 2014 ao réxime de exención da matrícula nin ás axudas para escolas infantís do curso 2013-2014.



En materia de eleccións a representantes de PAS, hai que informar que hoxe se están a realizar as votacións para o Comité de Empresa e que con data 12 de marzo se iniciará o proceso de eleccións parciais de PAS funcionario para ampliar a Xunta de Persoal deste colectivo de 13 a 17 membros, como consecuencia do proceso de funcionarización.

Finalmente informa de que, reunida a Comisión de Funcionarización o pasado 21 de febreiro, se iniciará a segunda fase deste proceso coa previsión de realización das correspondentes probas entre a segunda quincena do mes de setembro e o mes de outubro deste ano.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de xaneiro

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de xaneiro.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en cinco (5) convenios marco, trece convenios específicos (13), e noventa e cinco convenios para prácticas (95) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbbase por asentimento.

4. Directrices e recomendacións de filiación institucional das publicacións dos investigadores/as da UDC

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen expón a motivación destas directrices e recomendacións.

Trátase de lograr unha cita coherente e harmonizada das publicacións elaboradas polo persoal ao servizo da UDC, de modo que se indexen correctamente nas bases de datos internacionais de referencia.



Na quenda de intervencións, Carlos Hugo González pregunta sobre os criterios de definición de certos campos: por que non se cita, ademais dos campus da Coruña e de Ferrol, os outros campus. E sobre o nome en inglés da Coruña (Coruna) pregunta se non é posible a opción Corunha ou Corunna.

Aclárase que os campus son os definidos polos Estatutos, e noutras cuestións, foron contrastadas polo SNL e polo servizo de bibliotecas, buscando un equilibrio entre corrección da lingua e eficacia nos motores de busca.

Tras as anteriores aclaracións, apróbase por asentimento o acordo e incorpórase como **Anexo IV**

5. Acordo sobre recoñecemento da equivalencia das titulacións pre-Boloña para os efectos do acceso aos estudos oficiais de doutoramento da Universidade da Coruña

O vicerreitor de Investigación e Transferencia toma a palabra e dá conta das razóns que levan a propoñer o acordo, expresadas no seu preámbulo.

Na quenda de intervencións, o profesor Manuel Casteleiro dálle os parabéns ao vicerreitor polo acordo, e solicita que se cambie no título a expresión “pre-Boloña”, por tecnicamente impropia.

A profesora Sonia Souto Camba pide aclaración sobre o acceso co DEA. Aclárase que accede automaticamente, mais até 2015.

O profesor Miguel Muñoz Cantero expón unha cuestión específica sobre os titulados estranxeiros que teña un DEA da Universidade da Coruña.

Anxo Calvo cuestiona o prazo de caducidade do DEA, pois para acceder ao DEA había que ser licenciado, polo que na práctica non debería ter relevancia.

Coas modificacións do título propostas polo profesor Casteleiro, a proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo V**.

6. Acordo de modificación parcial do Regulamento de Mobilidade Internacional



Toma a palabra a vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación, que expón que o motivo do cambio é a adaptación do regulamento aos novos criterios do programa Erasmus+. A modificación afecta a dous artigos, o 7 e o 9.

Non se producen intervencións, polo que se aproba por asentimento e se incorpora como **Anexo VI**

7. Prazas de profesorado contratado

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a aprobación de tres prazas de promoción de profesorado laboral temporal: dúas prazas de axudante doutor para a Área de Proxectos Arquitectónicos (promoción de dúas prazas de axudante); unha praza de axudante doutor para a Área de Teoría e Historia da Educación (promoción de axudante).

As tres prazas contan cos informes favorables dos departamentos correspondentes, da COAP e da mesa sindical, así como da Xunta de Galicia.

Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VII**

8. Venias docentes

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a concesión da venia docente durante o curso 2013/2014 a favor de D. Francisco Pita Gutiérrez, para impartir docencia na materia de Nutrición na Escola Universitaria de Enfermaría da Coruña.

Conta co informe favorable do Departamento de Ciencias da Saúde, da COAP e da mesa sindical.

Apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo VIII**.

9. Cambios de dedicación

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a ampliación da dedicación docente do profesor asociado Xoán Miguéns Vázquez (P03 a P06), da Área de Radioloxía e Medicina Física, por necesidades docentes sobrevidas e non existir lista de agarda de contratación nesta praza.



A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IX** á acta deste Consello de Goberno.

10. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Manuel Graña preguntalle ao xerente sobre unha praza de PAS do seu centro, que está creando disfuncións. O xerente replica que obedece a unha política de contención de gasto. As necesidades do servizo aténdense co resto de conserxes do campus.

Daniel Pena pregunta sobre a homologación de títulos de enxeñaría en Europa. O reitor contesta que non ten ningunha novidade ao respecto.

Carlos Hugo González pregunta ao xerente sobre a adxudicación do concurso da cafetaría de Informática. O xerente contesta que aínda non se adxudicou.

Gonzalo Faya pregunta sobre a cuberta do pavillón de deportes, que está chea de pingueiras. Pregunta sobre o asfaltado do campus e os datos estatísticos sobre resultados académicos. O xerente replica que estamos tratando de pechar o convenio co Concello para financiar o asfaltado do campus. O vicerreitor de títulos di que o acceso aos datos é libre desde a intranet.

Nona Inés Vilariño pregunta sobre a diferenza exacta entre o programa Erasmus do ano pasado e este. Contéstalle a vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación.

Moisés Canle dálle os parabéns ao vicerreitor pola aprobación das normas de filiación. Cre que sería boa cousa incrementar o uso do repositorio institucional (RUC), para aumentar a visibilidade da nosa produción científica. O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías replica que o uso do repositorio debe respectar os dereitos económicos de propiedade intelectual que teñen as revistas científicas onde se publican. Así mesmo, o vicerreitor de Investigación e Transferencia destaca que as teses de doutoramento da UDC están no RUC e accesibles desde a web da Escola Internacional de Doutoramento da UDC. Tamén lembra a necesidade de publicar en aberto (como é o caso do RUC) os traballos científicos que sexan froito dun proxecto de investigación da última convocatoria do MINECO.



A profesora Sonia Souto valora os esforzos desenvolvidos polo vicerreitor de Investigación para impulsar os estudos de doutoramento, pero tamén lembra que a escola de doutoramento debe sinalar os aspectos onde é posible facer melloras ou aclaracións. Tal foi o sentido da súa intervención no punto quinto da orde do día.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 10:45 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito